

RELATORIO “UN PARTIDO ABERTO, ACCESIBLE E PARTICIPATIVO”

Coordinadora: Paula Prado del Río
Relatores: Katy Varela Fernández
Marisol Díaz Mouteira
José López Campos

Aclaracións:

1. Só se recollen neste relatorio os artigos que se propoñen modificar do Regulamento de Organización do PPdeG
2. As MODIFICACIÓNS con respecto á normativa vixente están sombreadas en amarelo (XXXX)
3. As frases “tachadas” (XXXX) consistirían en propostas de SUPRESIÓN

PREÁMBULO

O XVII Congreso do Partido Popular de Galicia será lembrado como un congreso especial; pero non só por celebrarse en plena pandemia mundial do virus SARS COVID 19, senon tamén, porque entraña unha transformación para a modernización do partido, adaptándose á realidade social, e ademáis porque chegamos trala cuarta victoria consecutiva do Partido Popular de Galicia con maioría absoluta, tralas últimas eleccións ao Parlamento de Galicia celebradas en xullo de 2020. Un resultado electoral acadado nun contexto moi complicado de crise sanitaria, económica e social, en tempos de moita crispación e fragmentación política.

Os galegos e galegas voltaron a confiar no Partido Popular de Galicia e no seu Presidente Alberto Núñez Feijóo en momentos de incertidume vital, económica e social, do mesmo xeito que o fixeron no ano 2009, momento no cal o país atravesaba se cabe a maior crise económica da democracia.

O Partido Popular de Galicia acada así o compromiso de axudar ao pobo galego a sobrepoñerse da adversidade que atravesamos, actualmente desde as institucións, pero tamén coa axuda das súas bases. Por ese motivo incluimos as novidades que presentan os estatutos aprobados no derradeiro congreso do Partido Popular Nacional, porque son novidades de apertura e novidades no ámbito da participación, incorporando a posibilidade de contar, en diferentes órganos da organización, coa presenza non só da afiliación, senón tamén de persoas simpatizantes

Estamos ante un congreso no que pretendemos aprobar uns estatutos modernos e adaptados a nova realidade social, simplificando os órganos queremos ter un partido máis áxil e dinámico, máis aberto e participativo; onde a igualdade, a formación, a transparencia, as redes sociais e as novas tecnoloxías ocupen un lugar destacado e outorgando máis protagonismo ás mulleres e á mocidade como futuro do partido, do pobo galego e do país do que formamos parte.

No Título II introducimos unhas sinxelas modificacións nos artigos referentes ao Valedor ou Valedora do Afiliado e ao Consello Consultivo coa finalidade de adaptar a súa regulación aos Estatutos Nacionais e de potenciar o papel do órgano superior de asesoramento da nosa organización, respectivamente.

No relativo ao Comité das Cidades, órgano que xa ven funcionando desde o ano 2007, simplificamos a súa estrutura, reducíndoa a tan só dous niveis, e explicitamos as competencias do Consello de Dirección deste órgano. O Partido Popular de Galicia quere reforzar a representación singular da poboación urbana, consolidando o Comité das Cidades como órgano de asesoramento e de proposición de iniciativas que, desde o ámbito das competencias locais, podan ser aplicadas en cada unha das sete grandes cidades.

No obxectivo de dar un novo impulso ao Comité das Cidades, os Estatutos do Partido Popular de Galicia introducen un cambio que simplifica a súa estrutura reducíndoa a dous únicos niveis: o Plenario e mailo Comité de Dirección.

O Comité de Dirección será o órgano responsable de marcar a liña política, de sinalar os temas que serán tratados no Plenario e velar polo cumprimento dos acordos que adopte este órgano.

Neste relatorio propomos, así mesmo, a creación do Comité de Acción Municipal, como órgano de coordinación e asesoramento do PPdeG nos temas referentes ás políticas locais, dando maior presenza aos representantes políticos que están máis cercanos ao territorio e a súa veciñanza, que terá como función asesorar ao PPdeG nos asuntos referidos ás políticas locais.

Neste novo órgano terán presenza os representantes do partido nas catro diputacións provinciais, sexan presidentes ou portavoces, as alcaldesas e alcaldes e voceiras e voceiros do Partido Popular que fosen a lista máis votada nos concellos de máis de 10.000 habitantes, e cinco rexedores propostos pola presidencia do PPdeG, ademais de un coordinador comarcal por provincia.

Incorporamos un Capítulo específico adicado á Fundación Alfredo Brañas, cuxa vinculación ao Comité Executivo do PPdeG foi acordada en datas recentes.

Igualmente incluímos unha Comisión Permanente de Igualdade, como órgano de debate, asesoramento e participación do Partido Popular de Galicia co fin de reafirmar o noso compromiso coa igualdade real así como de impulsar políticas baseadas no principio de igualdade.

ARTICULADO

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1

1.- O Partido Popular de Galicia é a estrutura e organización autónoma do Partido Popular nesta Comunidade e réxese pola Lei Orgánica 6/2002, de 27 de xuño, de Partidos Políticos e demais disposicións legais vixentes, polos Estatutos aprobados polo 18º Congreso Nacional e polo presente Regulamento de Organización, que deberán interpretarse conforme aos principios e valores do Estatuto de Autonomía, da Constitución e da Unión Europea.

2.- O Partido Popular de Galicia defínese como unha formación política galeguista de centro reformista, con vocación europeísta, comprometido coa liberdade, a democracia e cos principios e valores contidos na Constitución. Buscamos espazos de encontro en aras do interese xeral de Galicia, da defensa do Estado Social e Democrático de Dereito e tamén da promoción da solidariedade entre todos cantos integran o pobo galego, con independencia do seu lugar de residencia.

3.- O Partido Popular de Galicia, no exercicio da súa actividade, ademais dos principios ideolóxicos e valores recollidos nos Estatutos Nacionais:

- a. Defende a dignidade do ser humano e os dereitos e liberdades que lle son inherentes.
- b. Propugna a democracia e o Estado de Dereito como base da convivencia pluralista en liberdade e igualdade de toda a cidadanía galega amparada pola Constitución.

c. Defende a condición de Galicia como Nacionalidade Histórica constituída como Comunidade Autónoma, así recoñecida na Constitución Española e no Estatuto de Autonomía, e polo tanto o fortalecemento dos seus trazos definatorios, lingua, cultura, tradición, historia, patrimonio e territorio, impulsando a súa autoidentificación e autogoberno, promovendo a tal fin o marco estatutario e institucional que demande en cada momento a consecución de tales obxectivos de acordo coa Constitución e, en particular, cos principios de igualdade, cohesión e solidariedade entre todas as nacionalidades e rexións.

d. Contribúe á conformación e determinación da política galega, inspirándose nos valores do galeguismo, da liberdade, da tolerancia e da filosofía do humanismo cristián de tradición occidental.

e. Promove, dentro dunha economía de mercado sostible, a modernización e a cohesión social, así como a igualdade de oportunidades, impulsando a efectiva igualdade entre homes e mulleres, e o protagonismo da sociedade a través da participación da cidadanía, especialmente da mocidade, na vida política e nas institucións representativas da vida pública mediante a formulación de programas e a presentación e apoio de candidaturas nas eleccións nas que participen.

f. Comparte xunto coa organización xeral un compromiso renovado cos dereitos fundamentais das persoas, coa integración e o respecto ás minorías e coa defensa e solidariedade coas vítimas da violencia en todas as súas manifestacións (terrorismo, violencia de xénero ou calquera outra), así como coa protección do medio ambiente, contemplado como algo esencial na vida do pobo galego, e fundamental para o seu desenvolvemento económico e social. Un compromiso con persoas, familias e empresas que na actualidade céntrase na creación de emprego, a protección da sociedade do benestar e a xestión austera e eficiente das administracións públicas.

g. En contacto coa sociedade, o Partido Popular de Galicia ocúpase de atender as preocupacións das persoas e as familias e propón solucións aos seus problemas reais.

Artigo 2

1.- A organización e estrutura xeral do Partido Popular de Galicia inspírase, ademais dos principios básicos de organización interna recollidos no artigo 23 dos Estatutos Nacionais, nos seguintes principios:

- a) A concepción do partido como instrumento de participación política ao servizo da sociedade.
- b) A promoción e incentivación de canles de participación directa das persoas afiliadas como expresión da súa democracia interna e onde se teña en conta a súa opinión
- c) O respecto aos Estatutos Nacionais do Partido Popular, ao presente Regulamento de Organización do Partido Popular de Galicia, e ás demais normas e acordos adoptados polos órganos competentes do Partido.
- d) O fomento do debate e da implicación das persoas afiliadas na toma de decisións e no proxecto político do Partido, e o respecto á liberdade de conciencia e á liberdade de expresión no seo do Partido.
- e) A igualdade de todas as persoas afiliadas no exercicio dos seus dereitos e no cumprimento dos seus deberes, establecendo as canles oportunas para garantila.
- f) O contacto permanente coa cidadanía e coas organizacións sociais nas que se agrupan, con independencia do seu lugar de residencia, así como a promoción dos ideais do Partido Popular na nova sociedade da información, en especial coa mocidade a través de Novas Xeracións, empregando as tecnoloxías da información como canle preferente de comunicación interna e coa cidadanía, potenciando tamén a interacción entre as persoas afiliadas, a cidadanía e o Partido a través de todas as canles que as novas tecnoloxías permiten na actualidade a efectos de participación, comunicación e convocatorias dos órganos do Partido, sen prexuízo de seguir empregando as canles de comunicación tradicionais.
- g) A honradez, a ética e a solidariedade como deberes incuestionables das persoas afiliadas e dirixentes do Partido, que deberán guiar a súa actividade ao cumprimento das boas prácticas no exercicio da súa labor.

h) A busca do pacto, acordo ou consenso, como reflexo da pluralidade da sociedade galega.

i) Dentro do ámbito da xestión pública, a eficiencia e calidade na prestación de servizos, a austeridade, a transparencia, o control do déficit establecido na reforma constitucional, a cooperación interadministrativa e o non solapamento de competencias entre administracións.

2.- Mediante os relatorios políticos, os Congresos do Partido Popular de Galicia:

- Afirman, actualizan e contextualizan os principios, valores, ideario e prioridades do Partido que inspiran o seu programa electoral e de goberno **no seu firme cumprimento baseado nas necesidades dos galegos.**

- Vinculan a actuación da súa estrutura de partido e implantación territorial á participación cidadá e a unha mellor conexión coa sociedade á que serven **e escoitan para ser defensores das súas demandas.**

- Ofrecen un código político e ético **aos cargos públicos do Partido Popular de Galicia e ás liñas xerais de actuación do partido nas distintas institucións en función dos programas, coa finalidade de prestar** uns servizos públicos eficientes e de calidade, mellorar o benestar da cidadanía e a súa calidade de vida, así como exercer unha xestión **sostible**, eficaz e transparente.

TÍTULO I DA AFILIACIÓN, DO RÉXIME DISCIPLINARIO E DA PARTICIPACIÓN DA CIDADANÍA NA VIDA DO PARTIDO

Artigo 3

1.- **Poderase pertencer ao PPdeG como afiliado ou simpatizante.**

2.- Para afiliarse ao PPdeG será preciso o cumprimento das condicións e esixencias que determinan os Estatutos Nacionais do PP.

3.- A condición plena de simpatizante adquirese na data na que a súa alta quede reflectida no Censo Nacional do Partido. A adquisición da condición plena de **afiliado** esixirá ademais o pagamento da cota.

4.- Estarán exentos do pago da cota as persoas **afiliadas** que se atopen en situación de desemprego e/ou en situación de risco de exclusión social, así como os menores de vinte e cinco anos en función da súa situación económica familiar. A concorrencia de calquera destas circunstancias acreditarase ante o Partido por calquera dos medios admitidos en Dereito.

5.- Todas as persoas **afiliadas** e simpatizantes teñen os dereitos e deberes que se recollen nos Estatutos Nacionais do Partido Popular.

6.- As **persoas afiliadas** do Partido Popular de Galicia adecuarán o seu acceso aos cargos públicos ou aos postos de dirección interna do Partido aos criterios definidos nos Estatutos Nacionais do Partido Popular.

7.- Todos os cargos públicos e orgánicos do PPdeG teñen que adecuar o seu comportamento aos **compromisos**, principios e pautas de conduta fixados nos Estatutos Nacionais. O acatamento aos mesmos formalizarase coa sinatura da **Declaración de Idoneidade**. A sinatura farase con carácter previo á aceptación de calquera cargo público ou orgánico

8.- A condición de afiliado ao Partido Popular de Galicia extínguese automaticamente por falecemento, por renuncia expresa da persoa interesada e ademais polas causas determinadas nos Estatutos Nacionais.

9.- O réxime disciplinario do Partido Popular de Galicia comprensivo das infraccións disciplinarias, sancións e **expediente sancionador** é o definido nos Estatutos Nacionais do Partido Popular.

Artigo 4

1.- O Partido Popular de Galicia configúrase como un partido aberto á participación de toda a cidadanía, afiliada ou non, tanto individual como colectivamente, na actividade diaria do mesmo a través das Oficinas Parlamentarias, dos Foros do Partido, do Portal do Partido

Popular de Galicia na rede, dos perfís oficiais do Partido nas principais redes sociais e do Servizo de Atención á Cidadanía.

2.- As Oficinas Parlamentarias **atenderán** as demandas, consultas ou suxestións que a cidadanía formule de xeito individual ou colectivo aos parlamentarios/as do Partido e demais cargos electos. Existirá como mínimo unha Oficina Parlamentaria en cada unha das sete grandes cidades, na que se integrarán os membros das Deputacións Provinciais e dos distintos grupos parlamentarios do Partido nas Cortes Xerais e no Parlamento de Galicia elixidos nesa circunscrición, así como os membros do Parlamento Europeo afiliados nesa provincia.

3.- Cada Oficina Parlamentaria quedará constituída baixo a dirección **dun coordinador**, que á súa vez, formará parte do Comité de Dirección Provincial, elixido polo Comité Executivo **autonómico de entre os parlamentarios**.

Aos expresados efectos, as Oficinas Parlamentarias contarán coa presenza física e periódica dos seus membros, establecéndose un horario de atención á cidadanía que terá que ser periodicamente publicitado. Sen prexuízo do anterior, cando razóns organizativas ou territoriais así o aconsellen, estableceranse horarios de atención á cidadanía nas distintas Sedes Locais ou de Distrito.

Igualmente as Oficinas Parlamentarias atenderán á cidadanía a través da páxina web do Partido na súa circunscrición, dentro da cal constará con claridade a devandita Oficina Parlamentaria virtual. Esta Oficina tamén figurará nas redes sociais con maior participación e en todos os casos estarán encargadas de difundir as propostas dos representantes do PPdeG en dita circunscrición, e nelas expresaranse a dirección de correo da Oficina, así como a individual dos membros do Parlamento que a conforman, xunto cos seus horarios de atención á cidadanía. **Así mesmo, fomentárase a participación e o uso necesario das redes sociais para os diferentes cargos orgánicos e públicos de partido.**

A información de propostas levadas a cabo polos representantes do Partido Popular nos distintos ámbitos de representación parlamentaria

trasladarse aos afiliados establecendo diferentes vías de comunicación.

4.- Cando menos, na Sede Autonómica, nas Sedes Provinciais do Partido Popular de Galicia e nos municipios de máis de 20.000 habitantes, co compromiso de atender presencialmente ou a través de medios dixitais, a calquera persoa afiliada ou non, existirá un Servizo de Atención á Cidadanía cun horario que haberá de ser periodicamente publicitado, que se encargará da recepción de suxestións, iniciativas e propostas para facelas chegar aos órganos do Partido competentes por razón da materia, coa finalidade de proceder, no seu caso, á súa correspondente tramitación política e institucional e trasladar ao cidadán que o demande a confirmación da tramitación ou resposta no caso que proceda.

5.- Os Foros son un instrumento de participación activa que se constitúen como un punto de encontro de ideas e opinións, onde toda a cidadanía ten cabida e pode participar. A través deles o Partido Popular de Galicia quere trasladar á sociedade as súas propostas e posicións e á vez recoller da mesma, suxestións e inquedanzas que contribúan a mellorar a decisión a adoptar.

Os Foros desenvolveranse en cada un dos niveis territoriais, de maneira presencial, previa convocatoria pública ou a través da web.

Para a organización dos Foros cada Comité Executivo designará un responsable, que redactará as conclusións que serán presentadas ante o citado Comité Executivo por parte do titular do órgano competente por razón da materia tratada.

6.- O portal ppdegalicia.com constitúese como instrumento de información e comunicación básica do Partido Popular de Galicia coa cidadanía.

Todas as organizacións provinciais disporán dun portal web que adaptará a súa imaxe e estrutura á establecida no portal ppdegalicia.com.

En todo caso, os portais web conterán un espazo destinado aos Foros, así como á Oficina Parlamentaria e o resto de instrumentos deste artigo que o precisen.

O Partido Popular de Galicia facilitará ás organizacións locais a posibilidade de contar cun espazo diferenciado dentro do seu portal ou ben dentro dos respectivos das organizacións provinciais.

7.- Os perfís do Partido Popular de Galicia nas principais redes sociais constitúen unha canle de comunicación e diálogo coa cidadanía como forma de atender as súas demandas e iniciativas. Tanto a nivel autonómico como provincial e local o Partido procurará dispor de perfís oficiais nas principais redes sociais con enlace dende os seus portais web, mantendo unha canle actualizada de comunicación coa cidadanía. Nestas canles empregaranse ambas linguas. A titularidade dos perfís oficiais creados nas redes sociais baixo o nome do Partido Popular de Galicia serán de titularidade do partido e non das persoas que os crearon.

8.- Periodicamente poderanse establecer, como mecanismo de mellora, ferramentas de diagnóstico e de penetración destes perfís nas redes sociais para garantir a idoneidade social destas prácticas.

9.- En calquera caso, o Partido procurará o máis áxil seguimento e contestación de cantas demandas, iniciativas, consultas ou suxestións se formulen a través dos referidos instrumentos e contribúan a enriquecer a actividade política do Partido, debendo informar ao cidadán nun prazo non superior a un mes cando así se solicitara.

10.- O Partido Popular de Galicia manterá unha fluída comunicación co conxunto das asociacións cívicas. Potenciaranse as ferramentas necesarias para establecer e manter canles de comunicación tradicionais co fin de optimizar o fluxo de información acerca das necesidades da cidadanía.

11.- Todas as formas de comunicación do Partido Popular de Galicia coa cidadanía terán en conta os principios de amabilidade lingüística e

bilingüismo cordial e harmónico, de xeito que cada cidadán poida usar indistintamente calquera das dúas linguas oficiais.

O Partido Popular de Galicia publicará nas dúas linguas os documentos programáticos, os regulamentos e os relatorios e contestará aos cidadáns na lingua na que se reciba a comunicación.

Artigo 5

O Partido Popular de Galicia poderá celebrar Convencións, en todos os ámbitos territoriais da súa organización, para informar ás persoas afiliadas da xestión do Partido, xa sexa en tarefas de goberno ou de oposición, así como do nivel de cumprimento do programa electoral co que tivera concorrido ás eleccións. As Convencións poderán ter formatos convencionais ou virtuais e interactivos.

As primeiras desenvolveranse coa presenza física, nun espazo determinado, de **afiliados**, cargos públicos, simpatizantes e persoas invitadas, ou ben poderán organizarse e celebrarse, para reducir custos económicos e de tempo, a través da internet co mesmo formato e convocatoria.

TÍTULO II DA ORGANIZACIÓN E ESTRUCTURA DO PARTIDO

CAPÍTULO I DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 7

1.- A organización territorial do Partido estrutúrase necesariamente nos ámbitos provincial e local; e potestativamente nos ámbitos metropolitano, comarcal, parroquial, e de distrito ou de barrio. A organización con ámbito metropolitano, que abranguerá aos concellos que estean integrados na correspondente área metropolitana constituída legalmente, establecerase cando así o acorden por unanimidade as Presidencias Locais dos concellos que integren esa estrutura supramunicipal.

2.- A organización territorial nos ámbitos comarcal, parroquial e de distritos ou barrios desenvolverase nos supostos previstos nos artigos 9, 11 e 12 respectivamente, e nos termos que nos mesmos se di.

3.- Nas sete grandes cidades de Galicia o Partido organizarase en Xuntas Locais. Estas tamén poderán establecer unha estrutura organizativa en Xuntas de Distrito ou de Barrio, de resultar máis eficaz para a actuación do Partido.

4. Cando o número de habitantes ou de **persoas afiliadas** dun concello o esixa, **e preferentemente nas capitais provinciais e autonómica**, poderán constituírse Xuntas de Distrito ou Comités de Barrio por acordo do Comité Executivo Provincial correspondente.

Artigo 12

1.- A organización de distrito ou de barrio desenvolverase a iniciativa do Comité Executivo Local, se a xuízo do Comité Executivo Provincial correspondente se dan as condicións que permitan unha maior eficacia nas actuacións do Partido no ámbito municipal, especialmente naqueles concellos de Galicia onde existe esa distribución territorial.

2.- A estrutura organizativa de distrito ou de barrio está constituída pola Asemblea de Distrito ou de Barrio e o Comité de Distrito ou de Barrio.

3.- A Asemblea de Distrito ou de Barrio, integrada por todas as persoas afiliadas do distrito ou do barrio reunirase con carácter ordinario cada ano previa convocatoria do Comité Executivo Local, e extraordinariamente cando así o acorde o aludido Comité que, á súa vez, deberá aprobar o seu regulamento. As Asembleas que teñan simple carácter informativo ou consultivo serán convocadas pola Presidencia do Comité de Distrito ou de Barrio.

4.- Son facultades da Asemblea de Distrito ou de Barrio:

- a) Elixir o Comité de Distrito ou de Barrio.
- b) Aprobar o plan de necesidades e aspiracións do distrito ou do barrio.

5.- O Comité de Distrito ou de Barrio é o órgano funcional do Partido no distrito ou no barrio, e de relación co Comité Executivo Local, e está integrado pola Presidencia, a Secretaría, e polo menos un vogal por cada zona definida do distrito ou do barrio, no seu caso.

6.- O Comité de Distrito ou de Barrio reunirse con carácter ordinario unha vez cada tres meses como mínimo, e en cantas ocasións o convoque a súa Presidencia.

7.- A Presidencia de Distrito ou de Barrio coordina a actuación do Partido no distrito ou no barrio e preside o seu Comité. A Secretaría de Distrito ou de Barrio executa as decisións dos órganos de goberno do distrito ou do barrio baixo a superior responsabilidade da Presidencia, e leva o libro de actas das reunións.

As Presidencias Locais do Partido ~~e os membros do Partido con cargos de representación institucional~~ notificarán á Presidencia de Distrito ou de Barrio as visitas e actos institucionais que ~~se~~ teñan previsto realizar dentro do ámbito territorial do distrito ou barrio.

8.- As persoas titulares das Presidencias de Distrito ou de Barrio pasarán a ser membros natos da Xunta Directiva Local correspondente dende o momento do seu nomeamento e ata que cesen no cargo.

9.- O Comité Executivo Provincial, a proposta dos Comités Locais, poderá crear, se fora necesario para unha maior eficacia das actuacións do Partido, organizacións de ámbito territorial inferior ao de distrito ou barrio.

Artigo 14

1.- Os acordos dos órganos colexiados adoptaranse por maioría simple dos asistentes, agás nos supostos nos que os Estatutos Nacionais do Partido ou o presente Regulamento de Organización esixan unha maioría cualificada. O exercicio do voto é indelegable, salvo os supostos de imposibilidade de asistencia por causa de maternidade, nos que se poderá delegar o voto noutro membro do

órgano mediante escrito asinado pola interesada delegante. A Presidencia do órgano terá voto de calidade nos supostos de empate. Poderase solicitar votación secreta cando o acordo afecte a elección de persoas e sempre que o soliciten, cando menos, o 25% dos membros do órgano colexiado onde se vai a proceder á votación.

2.- Os debates dos órganos colexiados serán dirixidos e moderados pola Presidencia, ou quen faga as súas veces, quen dará e retirará a palabra e someterá, no seu caso, a votación os asuntos cando estime que se atopan debatidos dabondo.

3.- Para que os órganos colexiados poidan debater algún asunto non incluído na orde do día, a urxencia da súa inclusión haberá de ser previamente aceptada polo propio órgano, e só con dito voto favorable poderá procederse á súa discusión e, no seu caso, aprobación.

Rexeitaranse as intervencións que se aparten dos puntos contidos na orde do día e as que conteñan alusións ou expresións que menosprecen, aldraxen ou falten ao bo nome do Partido ou de calquera das súas persoas afiliadas.

4.- O contido dos debates das reunións dos órganos colexiados do Partido será reservado e só poderán facerse públicas aquelas informacións que así se acorde e sempre que foran realizadas pola presidencia ou portavocía autorizada.

CAPÍTULO II

ORGANIZACIÓN ADMINISTRATIVA DE APOIO AO PARTIDO

Artigo 15

1.- A Oficina do Partido Popular de Galicia é un órgano de xestión que ten como finalidade básica a aplicación práctica dos acordos adoptados polos órganos de goberno do Partido, que se executarán conforme ás directrices emanadas dos mesmos.

2.- A Oficina estará composta polas persoas titulares da Secretaría Xeral e, no seu caso, das Vicesecretarías Xerais, das Áreas Executivas, das Secretarías, da Tesourería e do persoal de carácter

técnico adscrito ás responsabilidades burocráticas na organización do Partido.

3.- Tamén formará parte desta Oficina, un representante de Novas Xeracións, designado polo Comité Executivo de Novas Xeracións de Galicia, que asumirá o asesoramento, promoción e xestión das actividades dirixidas á xuventude.

4.- A Oficina estará emprazada na Sede do Partido Popular de Galicia en Santiago de Compostela, e será a responsable da xestión dos medios técnicos e económicos dos que o Partido dispoña.

5.- Na Oficina do Partido Popular de Galicia formará unha unidade diferenciada, baixo a dependencia directa da Secretaría Xeral, a Asesoría Xurídica.

A Asesoría Xurídica estará formada por especialistas en dereito e persoal técnico que formarán un equipo de carácter multidisciplinar.

O cometido desta unidade será o de asesoramento e apoio aos órganos do Partido, aos grupos institucionais, aos cargos electos do Partido Popular de Galicia e ás persoas afiliadas, de ser o caso, fronte a terceiros alleos ao propio Partido en relación á súa estrita condición de afiliado.

6.- Tamén poderán existir Asesorías Xurídicas nas Sedes Provinciais co mesmo carácter que a Autonómica e coa que manterán relacións de colaboración e coordinación.

7.- Na Oficina do Partido Popular de Galicia constituirase un Servizo de Formación e Estudos baixo a coordinación da persoa titular da Área de Estudos e Formación.

O Servizo de Formación e Estudos estará dirixido a todas as persoas afiliadas, con especial dedicación aos cargos electos e desenvolverá as súas actividades a través da organización de xornadas, a través do portal web do Partido Popular de Galicia e dos Foros.

Dende a área de Formación deseñaranse cursos co obxecto de afondar nas distintas áreas sectoriais que conforman o noso ámbito de actuación. Estes cursos terán carácter voluntario e aproveitarán os coñecementos, experiencia e especialización dos diferentes membros e cargos do Partido Popular.

Artigo 16

- 1.- A persoa titular da Xerencia é persoal de carácter técnico adscrito a responsabilidades administrativas na organización do Partido.
- 2.- O seu nomeamento, funcións, obrigacións e dereitos regúlase no artigo 27. 2, 3 e concordantes dos Estatutos Nacionais do Partido, e no Regulamento de Xerentes do Partido.

CAPÍTULO III DOS CONGRESOS

Artigo 17

- 1.- O Congreso do Partido Popular de Galicia é o órgano supremo do Partido. Será de natureza ordinaria ou extraordinaria segundo se celebre por expiración do mandato temporal, ou como consecuencia de situacións especiais non vencelladas a este feito.

Darase a maior publicidade posible ao desenvolvemento do Congreso do PPdeG. Na páxina web colgaranse todos os documentos relevantes para o bo desenvolvemento e organización do mesmo, nos que se atoparán: o número de compromisarios, os relatorios e os resultados das votacións que tiveron lugar no plenario.

- 2.- No acordo de convocatoria do Congreso, sexa ordinario ou extraordinario, a Xunta Directiva de Galicia aprobará a norma reguladora e o horario do Congreso, e poderá delegar nunha Comisión creada para o efecto, formada por dez membros, todos os traballos de organización necesarios para o desenvolvemento daquel.
- 3.- O Regulamento do Congreso establecerá o proceso congresual e o desenvolvemento do mesmo, así como o traballo dos relatorios e das súas comisións, co fin de que, na medida do posible, quen teña a

condición de compromisario poida ter acceso a toda a información correspondente ás emendas e ao texto final nos días previos á súa votación.

4.- O Congreso quedará validamente constituído, no lugar, data e hora da súa convocatoria, calquera que sexa o número de asistentes.

Artigo 18

1.- O Congreso Ordinario celebrarase cada **catro** anos, e será convocado pola Xunta Directiva de Galicia, dentro, en todo caso, dos catro meses seguintes á celebración do Congreso Nacional, salvo cando o Comité Executivo Nacional dispuxera no seu caso o contrario en razón dos intereses xerais do Partido.

2.- O prazo mínimo que haberá de mediar entre a data da convocatoria e a de celebración será de corenta e cinco días.

3. **Extraordinariamente, a Xunta Directiva Nacional poderá alterar a convocatoria do Congreso Ordinario modificando o prazo previsto nos supostos de coincidencia con procesos electorais, celebrándose como máximo 12 meses despois da data na que correspondese.**

4.- No acordo de convocatoria deberá fixarse a data e lugar de celebración do Congreso, así como o título dos relatorios a debater e a referencia á persoa ou persoas, órgano de goberno ou comisión do Partido encargados da súa redacción e defensa.

Artigo 20

1.- O Congreso estará constituído polas seguintes **persoas** compromisarias:

a) **Natas:** que o serán todos os membros da Xunta Directiva de Galicia e os membros da Comisión Organizadora, se reúnen os requisitos esixidos para iso.

b) **Electas:** que o serán en número, polo menos catro veces superior ao das natas e que serán distribuídas pola Xunta Directiva de Galicia entre as catro organizacións provinciais en atención a niveis de **afiliación**, **cando menos nun 75%** e a porcentaxe de votos

obtidos nas eleccións **autonómicas** inmediatas anteriores, **como máximo nun 25%**.

c) Representantes da afiliación galega de residentes no exterior: en número máximo de dez, e designados pola Presidencia do Partido Popular de Galicia.

d) Representantes de Novas Xeracións: en cifra proporcional ao seu número de **afiliación**, que determinará a Xunta Directiva de Galicia. Serán elixidos no seo da súa organización, e distribuídos atendendo exclusivamente ao nivel de afiliación.

2.- No Congreso do PPdeG o número de persoas compromisarias electas será o que estableza a Xunta Directiva de Galicia no seu acordo de convocatoria, respectando o número mínimo previsto na letra b) do parágrafo anterior e ata o máximo do número total de persoas afiliadas, conforme ao previsto no artigo 40.1.o) dos Estatutos Nacionais.

3.- A elección de **persoas compromisarias** efectuarase mediante lista aberta tomando como circunscrición a de distrito, local, comarcal, ou provincial, segundo determine en cada caso a Xunta Directiva convocante.

4.- As persoas compromisarias son as únicas con capacidade legal para presentar emendas aos diferentes relatorios do Congreso do PPdeG. Poderanse presentar emendas subscrias individualmente ou por máis dun compromisario, pero, en todo caso, facendo constar sinatura, número de afiliación ou DNI de cada unha das persoas que as subscriben.

5.- Poderase invitar para asistir ao Congreso a personalidades ou representacións españolas ou estranxeiras pertencentes a partidos afíns ao Partido Popular, que poderán dirixirse verbalmente ao Congreso, nos termos que determine a súa norma reguladora aprobada pola Xunta Directiva de Galicia. Tamén se poderá invitar a representantes de entidades, organizacións e asociacións de distintos sectores de ámbito autonómico, nacional e internacional.

6.- A Xunta Directiva de Galicia poderá establecer un sistema de provisión das prazas de **persoas compromisarias** que quedaran vacantes trala celebración da totalidade das asembleas provinciais, comarcais e locais.

Artigo 21

1.- O Congreso do Partido Popular de Galicia posúe as facultades seguintes:

- a) Aprobar ou censurar, no seu caso, a actuación desenvolvida desde o anterior Congreso Ordinario polo Comité Executivo de Galicia e pola Xunta Directiva de Galicia.
- b) Aprobar ou modificar o Regulamento de Organización do Partido Popular de Galicia e demais normativa do seu ámbito territorial.
- c) Coñecer e aprobar ou censurar, se é o caso, as contas do Partido e adoptar as medidas que estime oportunas.
- d) Fixar as directrices políticas básicas do Partido Popular en Galicia.
- e) Debater e adoptar cantos documentos enriquezan o pensamento político do Partido Popular de Galicia, definan a súa oferta electoral ou afecten á estratexia e xestión do Partido.
- f) **Elixir a Presidencia do Partido Popular de Galicia, aos vogais do Comité Executivo de Galicia e da Xunta Directiva de Galicia.**

2.- A norma reguladora do Congreso á que se refire o artigo 17.3 regulará a súa constitución, a forma das súas deliberacións, o réxime de traballo dos relatorios e o procedemento de adopción de acordos, debendo ser aprobado pola Mesa ao inicio das súas sesións.

Artigo 22

1.- Dereito de sufraxio das **persoas afiliadas**:

As persoas afiliadas do Partido Popular **que se atopen ao corrente do pagamento das cotas teñen** dereito a elixir á persoa titular da Presidencia do Partido Popular de Galicia e das Presidencias Provinciais por sufraxio universal, libre, igual e segredo, de acordo co sistema que se especifica nos Estatutos Nacionais do Partido e no presente Regulamento de Organización.

Poderán presentar candidatura á Presidencia do Partido Popular de Galicia ou das Presidencias Provinciais **as persoas afiliadas** que se atopen ao corrente do pagamento das súas cotas **cun antigüidade mínima no partido de 12 meses**.

2.- Proceso de elección de **persoas compromisarias** en listas abertas. A elección da Presidencia do Partido Popular de Galicia e as Presidencias Provinciais do Partido Popular de Galicia levarase a cabo mediante **persoas compromisarias elixidas** en listas abertas, e de acordo coas seguintes normas:

- **Quen sexa candidato á Presidencia deberá presentar a súa precandidatura** ante a Comisión Organizadora correspondente **entre os sete e os quince días seguintes á convocatoria do Congreso conforme ao que se sinala no acordo de convocatoria**.
- Para que sexa proclamada unha **precandidatura á Presidencia do Partido Popular de Galicia ou a unha Presidencia Provincial** esixirase un número de apoios inferior ao fixado para a Presidencia Nacional e concretado no Regulamento Marco de Congresos do Partido Popular.
- No suposto de que se presentasen dúas ou máis **precandidaturas**, a Comisión Organizadora **proclamará as precandidaturas** presentadas no prazo máximo **de 48 horas**, convocando a campaña electoral interna por un prazo máximo de 21 días.
- A partir da convocatoria do Congreso **abrirase un prazo de 15 días para que calquera persoa afiliada do Partido se poida inscribir para participar en todo o proceso electoral**.
- Ademais, cada persoa afiliada inscrita **poderá presentarse como compromisaria ata 5 días antes do día da votación**. A elección de **persoas compromisarias en cada Asemblea efectuarase mediante lista aberta e con carácter secreto**.
- Na votación **elixirase ás persoas compromisarias para participar no Congreso do Partido e, ao mesmo tempo, prestarase apoio directo, tamén, en votación secreta, as precandidaturas á Presidencia do partido**.
- Resultarán **electas como persoas compromisarias aquelas** que obteñan máis votos, dentro do número asignado a cada colexio electoral

- Serán proclamados candidatos á Presidencia do Partido, para a súa elección polas persoas compromisarias no Congreso, os dous precandidatos que obtivesen o maior número dos votos válidos emitidos polas persoas afiliadas.
- Se algún dos precandidatos obtivese máis do 50% dos votos válidos emitidos polas persoas afiliadas, lograrse unha diferenza igual ou superior a 15 puntos sobre o resto de precandidatos e fose o máis votado na metade das circunscricións será proclamado ante o Congreso como candidato único á Presidencia do Partido.
- No Congreso do PPdeG as circunscricións son as catro provincias galegas e nas Congresos Provinciais e circunscrición é única.

3.- Da elección da Presidencia e dos órganos de dirección nos Congresos do Partido.

Nos Congresos do Partido Popular de Galicia e nos Congresos provinciais do Partido Popular de Galicia culmina o procedemento de elección da Presidencia e daqueles que teñen dereito a ostentar as actividades de dirección de acordo coas seguintes normas:

As persoas que encabecen as candidaturas proclamadas presentarán ante o Pleno do Congreso correspondente o seu programa e o equipo que lle acompaña para cubrir os órganos de dirección.

Os Congresos elixirán tamén, xunto ás persoas que encabecen as candidaturas, a aqueles que lles acompañen para ostentar as funcións de dirección, mediante o sistema de voto maioritario a unha soa volta, consonte aos seguintes criterios:

- O Congreso do Partido Popular de Galicia elixirá a quen ocupe a Presidencia e aos 22 vogais do Comité Executivo de Galicia.
- Os Congresos Provinciais do Partido Popular de Galicia, elixirán, respectivamente nunha lista a quen ocupe a Presidencia e aos 22 vogais do Comité Executivo.
- Os Congresos das demais organizacións territoriais elixirán nunha lista a quen ocupe a Presidencia e ao Comité Executivo consonte ás normas que se conteñen no presente Regulamento de

Organización ou nos Regulamentos de Organización que se establezan nos devanditos ámbitos.

- Nas listas só poderá figurar na Presidencia quen obtivera, consonte ao sistema descrito, a condición de candidato ante o Congreso.

CAPÍTULO IV DOS ÓRGANOS DE GOBERNO DO PARTIDO ENTRE CONGRESOS

SECCIÓN PRIMEIRA DA XUNTA DIRECTIVA

Artigo 23

1.- A Xunta Directiva de Galicia é o máximo órgano de dirección do Partido entre Congressos.

2.- Reunirase ordinariamente, polo menos, unha vez cada catro meses, e extraordinariamente cando a convoque a Presidencia, tanto por propia iniciativa como por acordo do Comité Executivo, ou por solicitude de tres quintos dos seus vogais.

3.- A convocatoria da Xunta Directiva de Galicia deberá efectuarse, por escrito, con inclusión da orde do día, cunha antelación de cinco días, agás en caso de urxencia. Poderán introducirse asuntos na orde do día cando así o soliciten mediante sinatura a maioría absoluta dos membros da Xunta Directiva de Galicia cunha antelación mínima de 24 horas á celebración da reunión. O envío poderá realizarse mediante correo electrónico.

Artigo 24

1.- A Xunta Directiva de Galicia estará integrada polas seguintes persoas que deberán ser, en todo caso, afiliadas no Partido:

- a. Os membros do Comité Executivo de Galicia.
- b. As persoas titulares das Secretarías Xerais Provinciais.
- c. Os membros do Parlamento de Galicia, elixidos nas listas do Partido.

- d. Os membros das Cortes Xerais elixidos en cada unha das provincias de Galicia nas listas do Partido.
- e. Os membros do Senado representantes da Comunidade Autónoma galega designados polo Parlamento de Galicia, a proposta do Grupo Parlamentario Popular.
- f. Os membros do Parlamento Europeo galegos, que foran elixidos na lista do Partido Popular.
- g. As persoas titulares das Consellerías da Xunta de Galicia.
- h. A persoa titular da Delegación do Goberno en Galicia afiliada ao Partido.
- i. As persoas titulares das Presidencias Locais das localidades con máis de trinta e cinco mil habitantes.
- k. Cinco persoas titulares de alcaldías ou concellerías por cada unha das provincias e dous/dúas deputados/as provinciais elixidos polas respectivas Xuntas Directivas Provinciais.
- l. As persoas titulares das catro Presidencias Provinciais de Novas Xeracións e quince membros da devandita organización elixidos pola súa propia Xunta Directiva.
- m. As persoas titulares das Secretarías do Comité Electoral e do Comité de Dereitos e Garantías.
- n. As persoas titulares das Presidencias das Comisións Sectoriais do Partido Popular de Galicia.
- ñ. Cinco representantes de galegos residentes no exterior, que serán designados pola Presidencia do PPdeG.
- o. As persoas titulares das Secretarías.
- p. Vinte vogais elixidos polo Congreso do Partido Popular de Galicia.
- q. Vinte persoas afiliadas de base de toda Galicia elixidas polo Comité Executivo a proposta da Presidencia do PPdeG, oídas as Presidencias Locais.
- r. Os membros da Xunta Directiva Nacional afiliados en Galicia.

2.- A Presidencia do PPdeG poderá invitar a calquera persoa afiliada para que asista á Xunta Directiva de Galicia con voz, pero sen voto, ou para que renda perante á mesma os informes que se lle soliciten; igualmente, poderá nomear un Secretario/a de actas que actuará nas sesións sen voz nin voto; e tamén poderá invitar para que asistan sen voz nin voto ás persoas titulares das Xerencias do Partido que teñan a condición de afiliados.

3. Na web do PPdeG figurará unha relación nominal dos integrantes do Xunta Directiva coa especificación dos seus cargos.

SECCIÓN SEGUNDA DO COMITÉ EXECUTIVO

Artigo 27

- 1.- O Comité Executivo de Galicia é o órgano de goberno e administración do Partido entre Congresos.
- 2.- O Comité Executivo de Galicia estará integrado por:
 - a. A persoa titular da Presidencia do Partido Popular de Galicia.
 - b. Os vogais, en número de 22, elixidos polo Congreso do Partido Popular de Galicia.
 - c. A persoa titular da Vicepresidencia do Partido Popular de Galicia.
 - d. A persoa titular da Secretaría Xeral do Partido Popular de Galicia.
 - e. As persoas titulares das Vicesecretarías Xerais, Áreas Executivas e Tesourería en razón do seu cargo, se non foran vogais.
 - f. **A persoa titular da Portavocía** do Grupo Parlamentario Popular no Parlamento de Galicia.
 - g. As persoas titulares da Presidencia e da Secretaría Xeral de Novas Xeracións de Galicia
 - h. As persoas titulares das Presidencias Provinciais do Partido.
 - i. As persoas titulares das Presidencias de Honra do Partido Popular de Galicia
 - j. As persoas titulares das Presidencias do Comité de Dereitos e Garantías de Galicia, do Comité Electoral de Galicia e do Consello Consultivo do Partido Popular de Galicia.
 - k. Os membros do Comité Executivo Nacional do Partido Popular que, tendo a condición de afiliados en Galicia, non pertencen ao Comité Executivo de Galicia por algún dos anteriores conceptos.
 - l. Tres persoas afiliadas ao Partido Popular de Galicia residentes no exterior que serán designadas pola persoa titular da Presidencia do PPdeG.

- m. A persoa titular da Presidencia do Parlamento de Galicia.
- n. As persoas titulares das Presidencias das Deputacións Provinciais, se fosen afiliadas ao Partido Popular de Galicia, e no seu defecto o Portavoz ou un membro da Deputación Provincial elixido polo Grupo Provincial Popular.
- ñ. As persoas titulares da Alcaldía das sete grandes cidades galegas, se fosen afiliadas ao Partido Popular de Galicia, ou no seu defecto a **persoa titular da Portavocía** ou un membro da Corporación elixido polo Grupo Municipal Popular.

Ás súas reunións poderán ser convocados as persoas titulares das Secretarías.

3.- Os membros do Comité Executivo de Galicia formarán parte dos Comités Executivos de ámbito territorial inferior nos que estivesen afiliados, aplicando os mesmos criterios que os Estatutos Nacionais seguen cos membros do Comité Executivo Nacional.

4.- A Presidencia do Partido Popular de Galicia poderá nomear, así mesmo, un máximo de cinco vogais nos termos previstos no artigo 32.2.k) do presente Regulamento de Organización.

5.- O Comité Executivo de Galicia reunirse de forma ordinaria, polo menos, unha vez ao mes por convocatoria da súa Presidencia, e de forma extraordinaria cando o soliciten tres quintos dos seus compoñentes.

6.- A convocatoria deberá facerse por escrito, por correo ordinario ou electrónico, con expresión da súa orde do día e cunha antelación mínima de setenta e dúas horas, agás nos casos de urxencia. **Poderán introducirse asuntos na orde do día cando así o soliciten mediante a súa sinatura a maioría absoluta dos membros dos Comité Executivo de Galicia cunha antelación mínima de 24 horas á celebración da reunión.**

7.- A Presidencia declarará validamente constituído o Comité Executivo de Galicia, en primeira convocatoria, cando se encontren presentes a metade máis un dos seus compoñentes e poderase

nomear un Secretario/a de actas que asistirá ás sesións sen voz nin voto.

8.- As deliberacións serán segredas e os acordos faraos públicos a Presidencia ou, coa súa autorización, a Secretaría Xeral, unha das Vicesecretarías Xerais ou a Portavocía do Partido.

9.- A persoa titular da Xerencia do PPdeG poderá asistir as reunións do Comité Executivo de Galicia con voz e sen voto.

Artigo 28

1.- O Comité Executivo de Galicia, dentro do seu ámbito territorial de competencia, exercerá as facultades seguintes:

- a) Ordenar, coordinar e controlar as actividades do Partido e adoptar as medidas necesarias para o cumprimento dos acordos e directrices emanados dos Congressos e da Xunta Directiva de Galicia.
- b) Elaborar e adoptar os informes e propostas que teñan que ser sometidas ao Congreso ou á Xunta Directiva de Galicia.
- c) Definir a estratexia xeral do Partido en Galicia e os seus pronunciamentos políticos e programáticos, establecer as liñas mestras da acción política dos diversos grupos institucionais, aprobar as súas normas reguladoras e nomear e destituír aos Portavoces e cargos directivos daqueles.
- d) Nomear, por proposta da Presidencia, ás persoas titulares da Secretaría Xeral, das Vicesecretarías Xerais, das Áreas Executivas, das Secretarías e da Tesourería e aprobar as modificacións, supresións ou refundicións que afecten á organización e funcionamento interno.
- e) Nomear e destituír ás persoas titulares da Presidencia, Secretaría e vogalías do Comité Electoral de Galicia e do Consello Consultivo do Partido Popular de Galicia.
- f) Nomear Comisións Xestoras que gobernen transitoriamente algunhas das organizacións territoriais dependentes delas, sempre que se aprecien graves circunstancias que así o aconsellen. As competencias das Comisións Xestoras serán as establecidas para a Xunta Directiva, Comité Executivo, Presidente e Secretario Xeral, a excepción da convocatoria do Congreso que será competencia do

Comité Executivo de ámbito superior. Do mesmo xeito poderá asumir o goberno dalgunha das organizacións a través das persoas que designe. En ámbolos dous casos a transitoriedade da situación non poderá exceder de seis meses. Transcorrido dito período de tempo convocaranse eleccións nos dous meses seguintes. A convocatoria do subseguinte Congreso Local ou Provincial non poderá ter lugar, en ningún caso tres meses antes das eleccións autonómicas ou xerais, ou seis meses antes das eleccións municipais.

g) Recibir a dimisión das persoas que ostenten funcións nos órganos de goberno e prover á súa substitución.

h) Resolver os conflitos entre distintas organizacións territoriais do Partido en Galicia.

i) Instar a apertura de expediente disciplinario ante o Comité de Dereitos e Garantías.

j) Convocar sesión de calquera órgano do Partido, que dependa del, expresando na orde do día o motivo da convocatoria.

k) **Aprobar o orzamento ordinario e as contas anuais.**

l) Elaborar os programas de acción preelectoral e electoral e delegar, se o estima oportuno, na Comisión creada ao efecto, o exercicio das competencias de organización e execución da campaña electoral.

m) Elixir de entre os seus membros a quen teña que dirixir o Partido en caso de dimisión ou falecemento de quen ostente a Presidencia do Partido Popular de Galicia e elevar a devandita proposta á Xunta Directiva de Galicia.

n) Autorizar e aprobar os actos políticos, xurídicos e de xestión dos órganos unipersoais do Partido.

ñ) Autorizar a celebración de congresos assemblearios no ámbito da organización territorial de Galicia.

o) Nomear ás persoas que han de ostentar a representación do Partido nas diferentes institucións, corporacións, sociedades, empresas públicas, etc.

p) **Autorizar e aprobar, previo informe do Comité Executivo Provincial, calquera moción de censura que se vaia levar a cabo.**

q) Acordar a constitución das Comisións Sectoriais do Partido Popular de Galicia, nomeando a persoa que ocupe a Presidencia e a Secretaría de cada unha delas.

- r) Coñecer os informes e impartir directrices ao Comité de Dirección e ás persoas titulares das Áreas Executivas
- s) Resolver as discrepancias que se susciten en relación á aplicación dos artigos 7 e 8 dos Estatutos Nacionais.
- t) Aprobar as normas internas de organización e xestión en materia de cumprimento normativo para a prevención de condutas contrarias ao ordenamento xurídico, que inclúan medidas de vixilancia e control do seu cumprimento polo Comité de Dereitos e Garantías de Galicia.
- u) Calquera outra competencia que se lle sexa atribuída por este Regulamento

2.- O Comité Executivo de Galicia poderá constituír comisións delegadas para a realización de traballos e estudos específicos.

SECCIÓN TERCEIRA DA PRESIDENCIA

Artigo 32

1.- A Presidencia é o máximo órgano responsable do Partido Popular en Galicia.

2.- Correspóndenlle as seguintes facultades:

- a) Exercer a representación política e legal do Partido e presidir a Xunta Directiva de Galicia, o Comité Executivo de Galicia e o Grupo Parlamentario Popular no Parlamento de Galicia. Nas sesións destes órganos terá voto de calidade en caso de empate.
- b) Adoptar as medidas conducentes á execución, cumprimento e desenvolvemento dos acordos emanados do Congreso, dos órganos de goberno da organización territorial galega, así como dos nacionais no ámbito de Galicia.
- c) Propoñer ao Comité Executivo de Galicia o nomeamento das persoas titulares da Vicepresidencia, da Secretaría Xeral, das Vicesecretarías Xerais, así como das Áreas Executivas, das Secretarías e da Tesourería.

- d) Propoñer ao Comité Executivo de Galicia o nomeamento das persoas titulares das Presidencias de Honra do Partido Popular de Galicia.
- e) Propoñer ao Comité Executivo o nomeamento da persoa titular da Presidencia e dos membros do Comité Electoral de Galicia e do Consello Consultivo do Partido Popular de Galicia.
- f) Propoñer á Xunta Directiva o nomeamento das persoas titulares da Presidencia, da Secretaría e das Vogalías do Comité de Dereitos e Garantías de Galicia.
- g) Coordinar a acción política do Partido en Galicia e autorizar necesariamente toda declaración que se faga en nome do Partido Popular ou que afecte ou comprometa politicamente a este.
- h) Proceder directamente a abrir expediente disciplinario e, se é o caso, suspender provisionalmente á persoa afiliada de todas as responsabilidades que teña no Partido.
- i) Delegar na Vicepresidencia as súas funcións, en caso de enfermidade ou ausencia fóra de Galicia.
- j) Someter ao Comité Executivo a proposta de distribución de competencias entre as áreas de actividade, así como a súa modificación, supresión ou refundición.
- k) Nomear ata cinco vogalías do Comité Executivo de Galicia no suposto de personalidades sobranceiras integradas no Partido con posterioridade á celebración do derradeiro Congreso, ou de persoas afiliadas que por razóns especiais sexa conveniente incorporar ao devandito órgano.
- l) Relevar a calquera membro do Comité Executivo de Galicia dos seus cargos e funcións nel e prover á súa substitución de entre os membros do devandito Comité.
- m) Designar ás persoas que teñan que incorporarse ao Comité Executivo de Galicia por dimisión ou falecemento dalgún dos seus membros.
- n) Delegar algunha das súas facultades e competencias na Vicepresidencia, na Secretaría Xeral ou noutro membro do Comité Executivo de Galicia.
- ñ) Propoñer ao Comité Executivo a constitución de Comisións Sectoriais, e propoñer o nomeamento das persoas titulares da Presidencia e Secretaría das mesmas.

- o) Designar dez compromisarios/as do Congreso de Galicia, cinco membros da Xunta Directiva de Galicia e tres do Comité Executivo de Galicia, todos eles en representación da afiliación galega de residentes no exterior.
- p) Proponer ao Comité Executivo o nomeamento dos membros da Oficina do Cargo Popular e do Comité de Acción Municipal.
- q) Nomear a persoa titular do presidencia da Comisión permanente de igualdade

3.- En casos de urxente necesidade a Presidencia poderá asumir as competencias dos órganos colexiados que estime necesarias e proporcionadas para a solución da emerxencia de que se trate, con carácter temporal ata a reunión do Comité Executivo de Galicia ou da Xunta Directiva de Galicia, aos que lle dará conta aos efectos de control e eventual ratificación das medidas adoptadas.

4.- As Presidencias de Honra integraranse con carácter nato no Consello Consultivo do Partido Popular de Galicia e tamén no Comité Executivo de Galicia.

5.- A persoa titular da Presidencia do Partido Popular de Galicia, elixida polo Congreso, será a que encabece a candidatura do Partido á Presidencia da Xunta de Galicia. Nos supostos de dimisión, falecemento ou incapacidade de quen ocupe a Presidencia do Partido Popular de Galicia, a Xunta Directiva do Partido Popular de Galicia, a proposta do Comité Executivo de Galicia, designará á persoa que encabece a candidatura do Partido Popular á Presidencia da Xunta de Galicia, cando non puidera celebrarse un Congreso Extraordinario.

A presente disposición enténdese sen prexuízo do establecido nos Estatutos Nacionais do Partido Popular.

SECCIÓN QUINTA DA SECRETARÍA XERAL

Artigo 34

1.- A persoa titular da Secretaría Xeral do PPdeG será nomeada polo Comité Executivo de Galicia, por proposta da Presidencia, de entre os membros elixidos para este órgano polo Congreso.

2.- Correspóndenlle á Secretaría Xeral as seguintes facultades:

a) Executar, baixo a dirección da Presidencia, os acordos, directrices e decisións adoptadas pola Xunta Directiva de Galicia e polo Comité Executivo de Galicia; levantar actas das súas reunións que se custodiarán no libro correspondente, podendo auxiliarse para esta función dun secretario/a de actas que asistirá ás reunións sen voz nin voto.

b) Coordinar, a través das Vicesecretarías Xerais e das Áreas Executivas as áreas de actividade do Partido.

c) A dirección de todos os servizos do Partido e a xefatura do seu persoal.

d) A adopción de medidas precisas para garantir a información axeitada ás persoas afiliadas, a comunicación entre estas e a súa participación activa na vida interna do Partido, impulsando as canles que proporcionan as novas tecnoloxías.

e) Velar polas relacións internas e a coordinación e funcionamento das organizacións provinciais.

f) O libramento de certificacións do Comité Executivo de Galicia e da Xunta Directiva co visto e prace da Presidencia.

g) Sen prexuízo das competencias propias das persoas titulares da Presidencia ou Portavocías dos Grupos Parlamentarios, realizar o seguimento da aplicación dos programas electorais

h) Canalizar a información acerca da actividade da Xunta aos distintos niveis sectoriais ou territoriais do Partido.

3.- As funcións e competencias da Secretaría Xeral poderán ser delegadas temporal ou permanentemente nas persoas que ocupen as Vicesecretarías Xerais. Así mesmo, en defecto de Vicepresidencia, correspóndelle á persoa titular da Secretaría Xeral a suplencia ordinaria da persoa titular da Presidencia.

SECCIÓN OITAVA DO COMITÉ DE DIRECCIÓN

Artigo 37

1.- Baixo a dirección da Presidencia, o Comité de Dirección é o órgano de xestión e coordinación das tarefas ordinarias do Partido, no marco das directrices do Comité Executivo de Galicia.

2.- O Comité de Dirección, do que só poderá formar parte quen tivese a condición de afiliado ao Partido, está integrado polas persoas titulares de:

- A Presidencia do PPdeG
- A Vicepresidencia do PPdeG
- A Secretaría Xeral do PPdeG
- As Presidencias Provinciais.
- As Vicesecretarías Xerais.
- ~~- As Áreas Executivas.~~
- A Presidencia do Parlamento de Galicia.
- A Portavocía do Grupo Parlamentario Popular no Parlamento de Galicia.
- ~~- As Presidencias das Deputacións.~~
- A Presidencia da Comisión Permanente para Igualdade
- A Presidencia de Novas Xeracións de Galicia, cando se traten asuntos relativos á mocidade
- ~~- As Alcaldías e Presidencias Locais das sete grandes cidades de Galicia.~~

Ás súas reunións poderá ser convocada calquera outra persoa que determine a Presidencia do Partido Popular de Galicia.

3.- O Comité de Dirección exercerá, baixo as directrices do Comité Executivo de Galicia, as seguintes funcións:

- a. Cumprir as instrucións da Presidencia e da Secretaría Xeral.
- b. Impulsar a actividade política do Partido e da súa organización.
- c. Desenvolver as labores de xestión e de coordinación das áreas, departamentos e organizacións territoriais do Partido.

- d. Velar polo axeitado desenvolvemento das actividades do Partido.
- e. Elevar propostas ao Comité Executivo de Galicia ou á Xunta Directiva de Galicia.
- f. Coordinar as áreas de actuación política do Partido cos Grupos Parlamentarios Populares no Parlamento de Galicia, no Congreso dos Deputados e no Senado.
- g. Todas aquelas que lle foran delegadas polo Comité Executivo.

4.- O Comité de Dirección está presidido pola persoa titular da Presidencia do PPdeG ou, no seu caso da Secretaría Xeral, reuníndose habitualmente con periodicidade semanal.

Artigo 38

A persoa titular da Tesourería nomearase na forma prevista nos artigos 28.1.d) e 32.2.c) e desenvolverá as funcións **administrativas e económico-financeiras** que legalmente lle correspondan e aquelas que lle encomende o Comité Executivo.

CAPÍTULO V DOS ÓRGANOS ESPECIALIZADOS

SECCIÓN PRIMEIRA DO COMITÉ ELECTORAL

Artigo 39

1.- O Comité Electoral de Galicia é o órgano competente para todos os asuntos relativos á confección de candidaturas que o Partido presente en Galicia.

2.- Contará cunha Presidencia, unha Secretaría e con seis vogalías nomeadas polo Comité Executivo, así como por unha vogalía de Novas Xeracións designada polo Comité Executivo desta organización.

3.- Os membros do Comité Electoral de Galicia, con excepción de quen ocupe a Presidencia e a Secretaría, terán incompatibilidades para formar parte das listas electorais que elaboren ou aproben, agás renuncia expresa de pertencer ao Comité efectuada nos dous días hábiles seguintes ao da convocatoria das correspondentes eleccións. **No caso de que a votación afecte á figura da persoa titular da**

Presidencia ou Secretaría do Comité Electoral deberán absterse da votación.

4.- O Comité Electoral de Galicia aprobará ou modificará as propostas de candidaturas que lle foran elevadas, se ben neste último caso deberá realizar un informe sobre os motivos que aconsellaron tal decisión e remitirillo ao Comité Electoral propoñente.

5.- O Comité Electoral de Galicia poderá solicitar asesoramento daqueles órganos e cargos directivos do Partido que estime conveniente. Así mesmo poderán promover a participación dos distintos órganos territoriais do Partido en Galicia na confección das diferentes candidaturas, así como a posterior designación dos cargos públicos nos ámbitos das súas respectivas competencias.

SECCIÓN SEGUNDA DO COMITÉ DE DEREITOS E GARANTÍAS

Artigo 41

1.- O Comité de Dereitos e Garantías de Galicia é o órgano encargado de garantir o exercicio dos dereitos das persoas afiliadas, instruír e resolver os procedementos disciplinarios que na orde interna se sigan contra as mesmas e aplicar, no seu caso, o réxime sancionador derivado dos Estatutos do Partido e de resolver os conflitos que poidan xurdir entre as diversas organizacións territoriais do Partido en Galicia.

2.- Con tal finalidade constitúese o Comité de Dereitos e Garantías de Galicia como órgano colexiado, especializado e independente que contará cunha Presidencia, unha Secretaría e un mínimo de seis e un máximo de dez vogais -un deles, polo menos, representante de Novas Xeracións elixido polo seu Comité Executivo-, nomeados pola Xunta Directiva de Galicia a proposta da Presidencia do PPdeG, debendo ter, cando menos, cinco dos seus compoñentes a licenciatura en dereito. Un dos membros realizará as funcións de Vicesecretaría coa competencia especial de redacción de Actas e tenencia de arquivos,

así como a substitución da persoa titular da Secretaría a todos os efectos.

Se durante o prazo para o que foran nomeados os membros do Comité de Dereitos e Garantías de Galicia se producira algunha vacante, o Comité Executivo de Galicia poderá designar algunha persoa para que ocupe dita vacante ata que se reúna a primeira Xunta Directiva.

3.- O Comité de Dereitos e Garantías de Galicia poderá delegar nun dos seus membros a práctica das dilixencias previas á tramitación dun expediente ou a provisión da información necesaria para a resolución do mesmo; neste caso, o vogal que fora designado instrutor non poderá participar na votación na que se tomen acordos ou resolucións sobre a materia obxecto de instrución ou información.

4.- Cando se tivera coñecemento por calquera medio da falta de exemplaridade no comportamento ou conduta dunha persoa afiliada ou dun cargo de representación institucional do Partido, poderase acordar a apertura de información reservada que poderá devir en expediente disciplinario.

Artigo 42

1.- A competencia do Comité comprende a totalidade das **persoas afiliadas** do Partido en Galicia, con exclusión daqueles que formen parte dos órganos nacionais do Partido, ou que sexan membros das Cortes Xerais e do Parlamento Europeo. Nestes supostos a competencia corresponde ao Comité Nacional de Dereitos e Garantías.

No exercicio das súas funcións de supervisión do cumprimento normativo, os respectivos Comités estenderán as súas competencias aos empregados do Partido e calquera persoa incluída no ámbito de aplicación das normas de cumprimento, aínda que non tiveran a condición de persoa afiliada ao Partido Popular.

2.- O Comité de Dereitos e Garantías de Galicia ten competencia para instruír e resolver calquera expediente, incluso aqueles nos que a sanción a impor poida ser a de expulsión do Partido.

Por razóns de urxencia, a persoa titular da Presidencia ou da Secretaría do Comité de Dereitos e Garantías de Galicia poderán reunirse e tomar acordos válidos, sempre que sexan ratificados polo Comité na primeira reunión que se celebre deste.

No caso de que unha persoa afiliada incorrese en calquera forma de corrupción no exercicio dun cargo público ou representativo ou realizase condutas que pola súa natureza ou polas circunstancias nas que se cometesen se consideren incompatibles coas obrigas e deberes éticos dos Estatutos Nacionais do PP, e se tivera coñecemento de que foi chamado a declarar como investigado nunha instrución xudicial procederase á apertura dun expediente informativo que se transformará en expediente disciplinario no momento en que se teña coñecemento da apertura do xuízo oral no procedemento xudicial correspondente. A resolución de dito expediente disciplinario terá lugar cando se dite sentenza, non firme, ou, no seu caso, auto de sobresemento que poña fin ao procedemento xudicial.

Sen prexuízo do artigo 22.1.a) dos Estatutos Nacionais, o Comité de Dereitos e Garantías de Galicia poderá determinar a suspensión de funcións ou de afiliación, en función das circunstancias do caso concreto e de conformidade co disposto no artigo 21.7 dos Estatutos Nacionais.

Neste sentido, os cargos públicos ou orgánicos do Partido asumen o compromiso de comunicar a apertura de calquera procedemento xurisdiccional do que poidan derivarse indicios racionais de comisión dun delito, e de poñer a disposición do Partido o cargo público ou orgánico que desempeñe cando o Comité de Dereitos e Garantías de Galicia considera que a súa permanencia dane á propia organización ou á institución pública, con independencia da fase procesual en que se atope o procedemento xurisdiccional.

3.- Se na instrución dun expediente sancionador aparece como posible suxeito pasivo do mesmo algunha persoa afiliada das sinaladas no número 1 deste artigo, o Comité de Dereitos e Garantías de Galicia deberá inhibirse a favor do Comité Nacional e remitiralle o

expediente, aínda que estiveran sendo obxecto de investigación outros afiliados que non tiveran a condición antedita.

4.- O Comité Nacional de Dereitos e Garantías resolverá, en segunda instancia, os recursos interpostos contra resolucións do Comité de Dereitos e Garantías de Galicia en materia disciplinaria, así como aqueles que sexan consecuencia das impugnacións que se produzan en calquera Congreso do Partido e con suxeición ao que establece o Regulamento Marco de Congresos.

5.- Os acordos ou resolucións do Comité de Dereitos e Garantías de Galicia serán recorribles perante o Comité Nacional no prazo de dez días hábiles desde a súa notificación e coas formalidades que regulamentariamente se establezan, que disporá dun prazo de tres meses para resolver o asunto.

Artigo 43

1.- O Comité de Dereitos e Garantías de Galicia, ben de oficio ou a petición do órgano que instara o inicio do expediente ou do propio expedientado, poderá acordar, de forma motivada, a suspensión de funcións dos expedientados que ostenten algún cargo público ou cargo de responsabilidade nos órganos de Partido nos casos en que incorresen nalgunha das infraccións previstas nos artigos 16 e 17 dos Estatutos Nacionais.

2. Sen prexuízo do disposto no apartado anterior e no artigo 21.7 dos Estatutos Nacionais, o Comité de Dereitos e Garantías de Galicia poderá de oficio ou a petición do instrutor do expediente disciplinario, adoptar calquera medida cautelar que se considere pertinente e proporcionada á infracción cometida, sempre que sexa por acordo motivado.

3. As medidas cautelares poderán ser adoptadas antes do inicio do expediente disciplinario ou durante a tramitación do mesmo. As medidas cautelares adoptadas no prexulgarán o resultado do expediente disciplinario e poderán ser modificadas ou revogadas en calquera estado do procedemento por decisión do Comité de Dereitos e Garantías.

4. As medidas cautelares deberán adoptarse sempre por maioría absoluta do Comité de Dereitos e Garantías de Galicia e terán efectos desde a toma de decisión polo órgano competente.

Artigo 44

Calquera **persoa afiliada** que considere que os dereitos recoñecidos nos Estatutos ou neste Regulamento foron conculcados por decisións ou actuacións dos órganos do Partido ou por outra persoa afiliada, poderá pedir amparo ao Comité de Dereitos e Garantías de Galicia, que resolverá o pertinente no prazo máximo de catro meses e contra a súa resolución, caberá recurso ante o Comité Nacional no prazo de **dez** días hábiles.

SECCIÓN TERCEIRA VALEDOR/A DO AFILIADO DO PARTIDO POPULAR DE GALICIA

Artigo 45

O Comité Executivo do Partido Popular de Galicia, a proposta da Presidencia Autonómica, designará un Valedor/a do Afiliado do Partido Popular de Galicia de entre os membros do Comité de Dereitos e Garantías de Galicia. **O Valedor ou Valedora do Afiliado constitúese como canle de comunicación entre as persoas afiliadas e os órganos de goberno do partido ao que se poden dirixir para formular súas opinións, reclamacións ou suxestións.**

As conclusións das súas actuacións darán lugar a un informe semestral que trasladará á Presidencia e á Secretaría Xeral do Partido Popular de Galicia.

SECCIÓN CUARTA OFICINA DO CARGO POPULAR DE GALICIA

Artigo 45 BIS

1. A Oficina de Cargo Popular de Galicia é un órgano do partido con autonomía no exercicio das súas funcións que ten competencia sobre

os cargos pertencentes á Xunta Directiva de Galicia que non o sexan da Nacional.

2. Estará formada por entre 3 e 5 membros que non desempeñen ningún cargo público ou orgánico dentro do Partido Popular en calquera dos seus ámbitos.

3. Os membros da Oficina do Cargo Popular de Galicia serán nomeados a proposta do Presidente e aprobados polo Comité Executivo de Galicia.

Artigo 45 TER

1. Corresponde á Oficina do Cargo Popular de Galicia dentro do seu ámbito competencial o desenvolvemento das seguintes funcións de control interno:

a. Supervisar o cumprimento de todos os trámites e requisitos necesarios para acceder a un cargo público ou orgánico en representación do Partido Popular.

b. Conservar a documentación requirida para acceder a un cargo público ou orgánico en representación do Partido Popular.

c. A levanza e a xestión dos rexistros de Actividades e de Bens e Dereitos Patrimoniais dos cargos do Partido Popular.

d. Velar polo cumprimento do réxime de incompatibilidades previsto no artigo 10 dos Estatutos Nacionais.

e. Garantir a seguridade no acceso e uso dos datos.

f. Calquera outra función que o Comité Executivo de Galicia lle encomende.

g. Dar conta ao Comité de Dereitos e Garantías de Galicia de calquera anomalía ou irregularidade que puidese detectar no desenvolvemento das súas funcións.

2. Para poder cumprir coas súas funcións, os membros da Oficina do Cargo Popular de Galicia poderán solicitar en todo momento a comparecencia de calquera cargo ante a Oficina.

3. A Oficina do Cargo elaborará un informe anual sobre as súas funcións, xestión e actividade.

CAPÍTULO VI DAS COMISIÓNS SECTORIAIS, COMISIÓNS DE ESTUDO, COMISIÓN DE FORMACIÓN PERMANENTE E COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO PROGRAMA ELECTORAL

Artigo 47

1.- Para impulsar e facilitar a participación das persoas afiliadas e cargos públicos do Partido, poderanse constituír nos diferentes ámbitos territoriais Comisións de Estudo como órganos de traballo e instrumentos de debate, análise e estudo coa finalidade da realización de informes ou da formulación de propostas.

2.- **As persoas afiliadas poderán** formular propostas, proxectos e propoñer Comisións de Estudo. Este dereito exercerase por escrito remitido ao Comité Executivo ou a súa Presidencia para a súa posterior aprobación.

Ditas Comisións deberán ser aprobadas polo correspondente Comité Executivo, a proposta da súa Presidencia, e estarán divididas en diferentes áreas sectoriais e abertas á participación social e á colaboración de persoas expertas aínda que non estean afiliadas ao Partido.

3.- **As Comisións de Estudo que se creen polo Partido contarán coa participación de Novas Xeracións.**

4.- Tamén poderá constituírse unha Comisión de Formación Permanente, que estará dirixida a toda **as persoas afiliadas**, especialmente a quen ostente cargos de representación institucional por primeira vez e non tivera experiencia política. O obxectivo da Comisión será acadar nos participantes un nivel mínimo de formación dos cargos para facilitar o mellor desenvolvemento da súa función co maior rigor e solvencia posibles.

Artigo 49 BIS

1.- A Comisión Permanente para Igualdade será o órgano superior de asesoramento e participación do Partido Popular de Galicia en materia de igualdade.

2.- A Comisión Permanente para Igualdade terá unha Presidencia e dúas Secretarías, correspondendo o nomeamento da persoa titular á Presidencia do Partido, e que reunirán necesariamente a condición de persoa afiliada.

3.- A Comisión Permanente para Igualdade estará formada por un mínimo de 5 membros e un máximo de vinte, designados polo Comité Executivo de entre as persoas afiliadas e simpatizantes do Partido que o soliciten – todas elas con coñecementos na materia obxecto da Comisión- e que acaten o disposto na súa norma reguladora.

4.- O obxectivo da Comisión Permanente para Igualdade será someter a debate, análise e estudo as cuestións do ámbito da igualdade coa finalidade da realización de informes así como da formulación de propostas, tanto no ámbito de actuación interna no PPdeG como para poñer en marcha políticas públicas, co fin de contribuir a acadar a igualdade real.

5.- A Comisión Permanente para Igualdade contará coa participación de Novas Xeracións.

CAPÍTULO VII DO ÓRGANO CONSULTIVO

Artigo 50

1.- O Consello Consultivo do Partido Popular de Galicia é o órgano superior de asesoramento e consulta do Partido.

2.- O Consello Consultivo do Partido Popular de Galicia, está integrado polos seguintes membros:

- a) As persoas titulares das Presidencias de Honra do Partido.

b) Oito membros nomeados polo Comité Executivo de Galicia, a proposta da Presidencia do Partido.

3.- O Consello Consultivo do Partido Popular de Galicia, terá unha Presidencia e unha Secretaría, correspondendo o nomeamento do seu titular ao Comité Executivo a proposta da Presidencia do Partido, se ben no suposto da existencia de Presidencias de Honra, o de maior idade, deberá ocupar a Presidencia.

4.- O Consello Consultivo do Partido Popular de Galicia, emitirá informes naquelas materias que contribúan a actualización do ideario político do PPdeG, así como naqueles asuntos que lle sometan os órganos unipersoais ou colexiados do Partido. Os seus informes non serán vinculantes.

CAPÍTULO VIII DA COMITÉ DAS CIDADES

Artigo 51

1.- O Comité das Cidades será o órgano superior de asesoramento e participación do Partido Popular de Galicia en relación cos asuntos referidos ás sete grandes cidades de Galicia. Especialmente, analizará iniciativas do ámbito competencial local que poidan ser aplicadas nas sete cidades e propondrá ao Comité de Dirección do PPdeG para a súa aprobación medidas de acción política e actividades en asuntos das sete cidades.

2.- O Comité das Cidades estrutúrase en Plenario e Comité de Dirección.

Artigo 52

1.- O Plenario do Comité das Cidades estará formado polas persoas titulares da Presidencia do Partido Popular de Galicia, que presidirá o mesmo, da Secretaría Xeral do Partido Popular de Galicia, que actuará como Secretario, das Presidencias Provinciais do Partido Popular de Galicia e a totalidade dos integrantes dos Grupos

Municipais do Partido Popular, así como polas persoas titulares das Presidencias e Secretarías Locais das sete grandes cidades de Galicia.

2.- O Plenario do Comité das Cidades celebrará sesión ordinaria cada seis meses e poderá reunirse en sesión extraordinaria cando así o determine a Presidencia.

Artigo 53

1.- O Comité das Cidades terá unha Xunta Directiva da que formarán parte as persoas titulares da Presidencia do Partido Popular de Galicia, que presidirá a mesma, da Secretaría Xeral do Partido Popular de Galicia, que actuará como Secretario, das Presidencias e Secretarías Provinciais do Partido Popular de Galicia, os Alcaldes e Alcaldesas do Partido Popular ou, no seu caso, os Portavoces dos Grupos Municipais do Partido Popular e as persoas titulares das Presidencias e das Secretarías Locais nas sete grandes cidades de Galicia.

2.- A Xunta Directiva do Comité das Cidades celebrará sesións con periodicidade bimensual en Santiago de Compostela, se ben poderá celebrar reunións con carácter itinerante cando así se acordase.

3.- A Xunta Directiva do Comité das Cidades poderá invitar a participar nas súas sesións ao persoal técnico e de asesoramento que se considere máis acaído en cada momento e as súas conclusións poderán servir de base para os debates, acordos e comparecencias públicas do Comité de Dirección e do Plenario.

Artigo 53

1.- O Comité de Dirección do Comité das Cidades estará composto polas persoas titulares da Presidencia do Partido Popular de Galicia, que presidirá o mesmo, da Secretaría Xeral do Partido Popular de Galicia, que actuará como Secretario, e os Alcaldes e Alcaldesas do Partido Popular ou, no seu defecto, os Portavoces dos Grupos Municipais do Partido Popular e as persoas titulares das Presidencias Locais do Partido Popular nas sete grandes cidades.

2.- O Comité de Dirección do Comité das Cidades celebrará sesión cunha periodicidade bimensual. Ademais reunirse todas as veces que sexa convocado pola Presidencia.

3.- O Comité de Dirección do Comité das Cidades é o órgano encargado de sinalar a liña política, impulsar os temas que serán tratados no Plenario e velar polo cumprimento dos acordos deste órgano.

CAPÍTULO IX COMITÉ DE ACCIÓN MUNICIPAL

ARTIGO 54

1.- Sen prexuízo das competencias do Comité das Cidades, o Comité de Acción Municipal será o órgano de coordinación e asesoramento do Partido Popular de Galicia en todos os asuntos relativos ás políticas locais.

2. O Comité de Acción Municipal estará composto polas persoas titulares da Presidencia do Partido Popular de Galicia, que presidirá o mesmo, da Secretaría Xeral do Partido Popular de Galicia, que actuará como Secretario, os Presidentes das Deputacións ou, no seu defecto, os Portavoces dos Grupos Provinciais do Partido Popular, os Alcaldes e Alcaldesas e voceiros ou voceiras do Partido Popular que fosen a lista máis votada en concellos de máis de 10.000 habitantes, así como cinco Alcaldes ou Alcaldesas propostos polo presidencia do PPdeG e un coordinador comarcal por provincia.

3. As sesións ordinarias deste Comité celebraranse cada seis meses e poderá reunirse en sesión extraordinaria cando así o determine a Presidencia.

CAPÍTULO X FUNDACIÓN ALFREDO BRAÑAS

Artigo 54 TER

A Fundación Alfredo Brañas, organización sen ánimo de lucro, de interese galego, constituída a través de Carta Fundacional outorgada o

24 de agosto de 1983, vincúlase ao Comité Executivo do Partido Popular de Galicia

A designación, suspensión e cesamento dos seus membros será realizado polo Padroado da propia Fundación, previa proposta motivada do Comité Executivo do Partido Popular de Galicia.

Mentres estea vinculado ao Comité Executivo do Partido Popular, en canto fundación vinculada a un partido político, seralle de aplicación a Lei Orgánica 8/2007, de 4 de xullo, sobre financiación dos partidos políticos; a Lei 9/2015, de 7 de agosto, de financiación das formacións políticas e das fundacións e entidades vinculadas ou dependentes delas; e o Real Decreto 661/2019, de 18 de novembro, polo que se regula a concesión directa de subvenciones para gastos de funcionamento de fundacións e asociacións vinculadas con partidos políticos con representación nas Cortes Xerais que realicen actividades de estudo e desenvolvemento do pensamento político e social.

Desde a súa adscrición ao Partido Popular, e mentres dure a mesma, o Padroado presentará con suficiente antelación ao Comité Executivo do Partido Popular de Galicia as contas anuais, que comprenden o balance de situación, a conta de resultados e a memoria; así como o plan de actuación, no que se reflectirán os obxectivos, as actividades que se prevea desenvolver durante o exercicio seguinte, unha previsión de ingresos e gastos e unha memoria explicativa deste mesmo plan de actuación.

Todas as aportacións que reciba a Fundación Alfredo Brañas, incluídas as que reciba do Partido Popular, estarán sometidas aos mecanismos de fiscalización e control, así como ao réxime sancionador previsto na Lei 8/2007, de 4 de xullo, sobre financiación dos partidos políticos.

Para a adopción de acordos de modificación, fusión, escisión, extinción e liquidación, o Comité Executivo do Partido Popular de Galicia será consultado con antelación suficiente e con carácter previo

á adopción destes acordos de modificación, fusión, escisión, extinción e liquidación.

TÍTULO IV DO RÉXIME PATRIMONIAL, ECONÓMICO E DE CONTRATACIÓN DO PARTIDO

Artigo 60

Os recursos económicos do Partido estarán constituídos por:

- a. As cotas e aportacións dos seus afiliados.
- b. As subvencións oficiais que as Administracións Públicas aporten ao Partido.
- c. As aportacións que poida recibir dos Grupos Institucionais
- d. Os produtos das actividades propias do partido; os rendementos procedentes da xestión do seu propio patrimonio; os beneficios procedentes das súas actividades promocionais e os que poidan obterse dos servizos que poidan prestar en relación cos seus fins específicos
- e. As doazóns en diñeiro o en especie, que perciban nos termos e condicións previstos na Lei.
- f. Os fondos procedentes dos préstamos ou créditos que concerten.
- g. As herencias ou legados que reciban.

Artigo 61

1.- O orzamento anual da organización territorial do Partido Popular de Galicia deberá ser aprobado polo Comité Executivo de Galicia con anterioridade ao 31 de decembro do exercicio anterior ao que correspondan.

2. As contas anuais da organización territorial do Partido Popular de Galicia aprobaranse polo Comité Executivo de Galicia. As contas anuais consolidadas do Partido, que se estenderán ao ámbito estatal, autonómico e provincial, apróbanse polo Comité Executivo Nacional.

3. A xestión económico-financeira do Partido será obxecto de revisión interna para garantir a adecuada intervención e contabilización de

todos os actos e documentos dos que se deriven dereitos e obrigacións de contido económico.

Artigo 61 BIS

Os procedementos de contratación do Partido Popular inspiraranse nos principios de publicidade, concurrencia, transparencia, confidencialidade, igualdade e non discriminación, sen prexuízo do respecto á autonomía da vontade e da confidencialidad cando sexa procedente. Nesta materia de contratación observaranse as instrucións internas que o partido aprobe a nivel nacional.

TÍTULO V DAS NOVAS XERACIÓNS DO PARTIDO

Artigo 63

1.- Poderán afiliarse a Novas Xeracións do Partido Popular de Galicia calquera mozo ou moza, maior de 16 anos e menor de 30 que non pertenza a outro partido político.

2.- As persoas afiliadas de Novas Xeracións o serán tamén do Partido Popular de Galicia no momento en que acaden a maioría de idade, adquirindo nese intre os mesmos dereitos e deberes cas demais persoas afiliadas do Partido conforme ao establecido no Título Primeiro dos devanditos Estatutos.

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA

O presente Regulamento de Organización entrará en vigor no momento da súa aprobación polo Pleno do XVII Congreso do Partido Popular de Galicia, sen prexuízo do disposto no artigo 26 dos Estatutos Nacionais.

DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA

O presente Regulamento non poderá modificar ou suprimir as competencias que os Estatutos Nacionais atribúen a cada un dos órganos del Partido e a tal efecto serán supervisados polo Comité Executivo Nacional unha vez fosen aprobados polo respectivo Congreso Autonómico

DISPOSICIÓN FINAL TERCEIRA

Autorízase á Xunta Directiva de Galicia, a proposta do Comité Executivo de Galicia para aprobar o texto refundido deste Regulamento no que se recollen cantas modificacións sistemáticas, terminolóxicas e de numeración de artigos, ortográficas e de xénero, veñan esixidas polas emendas aprobadas no XVII Congreso do Partido Popular de Galicia.